

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL DEZAITO.

En Paradela, a trinta e un de maio de 2018

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O PASADO VINTE E DOUS DE MARZO DE 2018, E DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O PASADO DEZ DE MAIO DE 2018.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 22 de marzo de 2018 e á acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 10 de maio de 2018; das que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 22 de marzo de 2018 e da acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 10 de maio de 2018. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos oito Concelleiros que asisten á sesión, número de feito da Corporación (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo nove o seu número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2018-0045 ao 2018-0088).

O Pleno dase por enterado.

3º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL MUNICIPAL QUE TEN POR OBXECTO A CREACIÓN DUNHA PRAZA DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

“Visto que, con data 24 de maio de 2018, iniciouse por Providencia de Alcaldía, o expediente para levar a cabo a modificación da plantilla de persoal aprobada por acordo do Pleno de data 30 de novembro de 2017.

Visto que se emitiu, polos Servizos Municipais, informe no que se detallaba a praza que se debe crear ao abeiro das funcións a realizar en relación coa competencia propia do abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; que esixe un control exhaustivo do coñecido como Ciclo integral da auga; o programa sanitario de vixiancia das augas de consumo; os protocolos de autocontrol e xestión no abastecemento, así coma na evacuación e tratamento das augas residuais; así como tamén o control da lexionella nas instalacións municipais, xunto co mantemento de parques, xardíns (actuacións de carácter medioambiental), infraestruturas viarias e equipamentos públicos; fai necesario proceder a unha modificación da plantilla de persoal aprobada.

Visto que se emitiu, por Intervención, informe sobre a existencia de crédito suficiente para proceder á modificación da plantilla de persoal.

Ao abeiro de todo o anterior, o Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente a modificación da plantilla de persoal municipal que ten por obxecto a creación da seguinte praza:*

Denominación: Operario de servizos múltiples.

Adscrición: Con carácter principal – servizo de abastecemento de auga potable a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais; control da lexionella nas instalacións municipais.

Asemade teranse en conta tamén as competencias referidas a mantemento de parques, xardíns (actuacións de carácter medioambiental), infraestruturas viarias e equipamentos públicos.

Grupo: C2.

Titulación académica requirida: Graduado Escolar, Formación Profesional de primer grado, ou equivalente.

Forma de provisión: Concurso-oposición.

Complemento de destino: 14

Complemento específico: 380,68 euros mensuais.

SEGUNDO. *Someter o presente acordo a información pública por prazo de quince días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante ese prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Transcorrido devandito prazo, se non se presentaron alegacións, entenderase elevado a definitivo este acordo de aprobación inicial.*

Paradela na data da sinatura electrónica á marxe O Alcalde José Manuel Mato Díaz.

A continuación procédese á votación da proposta que resulta aprobada pola unanimidade dos oito Concelleiros que asisten á sesión, número de feito da Corporación (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo nove o seu número legal de membros.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 7/2018, DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADA CON REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

En relación co expediente relativo á aprobación de modificación de créditos núm. 7/2018 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, vistos os informes de Secretaría-Intervención emitidos en data 28 de maio de 2018.

Ao abeiro da Memoria que forma parte do expediente na que se fai constar o seguinte:

Visto o Convenio de Colaboración asinado en data 22 de maio de 2018 entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Paradela para actuacións urxentes de reparación no Camiño Francés polas choivas acontecidas nos últimos meses; por importe de 30.100,00 euros, que foi obxecto do expediente de modificación nº 6/2018 baixo a modalidade de crédito.

Visto que as actuacións contidas no informe de valoración das peticións realizadas polo Concellos do Camiño Francés, actuacións urxentes de reparación no Camiño Francés, nos lugares de Ferreiros, A Pena, Rozas-Moimentos e A Parrocha-Vilachá ascende a un total de 64.270,17 €, polo que a diferenza entre o orzamento de execución das actuacións e a aportación da Axencia de Turismo de Galicia, correspóndelle ao Concello por un importe de 34.170,17 €.

Asemade o Concello de Paradela ao abeiro do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Paradela para a financiación e contratación conxunta do servizo: realización de inventario de ocupación privativa e aproveitamento especial do dominio público municipal, informe técnico- económico e proposta de tarifas para a imposición e regulación da taxa correspondente das instalacións de transporte de enerxía eléctrica e gas, a aportación municipal a realizar ascende a 2.072,39 €

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- *Que se aprrobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 7/2018 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 36.242,56 € cuxo detalle é o seguinte:*

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
334	619	<i>Produción bens públicos de carácter preferente. Promoción cultural. Inversións reais de reposición infraestruturas e bens destinados uso xeral.</i>	34.170,17

931	461	<i>Actuacións de carácter xeral. Administración financeira e tributaria, política económica e fiscal. Transferencias correntes a entidades locais, a Deputacións, Consellos ou Cabildos insulares.</i>	2.072,39 €
-----	-----	--	------------

Financiación

<i>Concepto</i>	<i>Descrición</i>	<i>Euros</i>
870	<i>Remanentes de tesourería para gastos xerais</i>	36.242,56 €

SEGUNDO.- *Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinarlo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*

TERCEIRO.- *O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.*

A continuación procédese á votación da proposta que resulta aprobada pola unanimidade dos oito Concelleiros que asisten á sesión, número de feito da Corporación (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo nove o seu número legal de membros.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas nen rogos por escrito, se ben dase a posibilidade de formulalos neste intre.

Por parte de Dona Sonsoles López, Voceira do Grupo Municipal Socialista pregunta cal vai ser o prazo de execución da obra do Plan de Mellora de camiños, da estrada de Santa Cristina.

Respóntase que aínda non saiu a licitación, que será en breve, e en todo caso a mediados de setembro ten que estar rematada alo menos a anualidade de 2018 para poder xustificar ante o AGADER dita anualidade, polo que seguramente o prazo de execución será dun mes; aínda que se prevé executar a obra na súa totalidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e quince minutos do trinta e un de maio de dous mil dezaoto, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Vº e prace

O Alcalde

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

O Secretario-Interventor

Asdo.: José López González

Documento asinado electronicamente ao marxe